

COMUNICADO PARA PÁGINA WEB Y RRSS SOBRE LA CONCESIÓN DE LA SUBVENCIÓN

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia, concedeu ao Colexio Apóstol Santiago unha subvención para contribuír á dixitalización das súas aulas, no marco dunha convocatoria dirixida a centros privados sostidos con fondos públicos para a dotación de aulas dixitais, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da Unión Europea, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

Esta subvención foi recollida na orde do 11 de maio de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión das subvencións públicas, en réxime de concorrencia non competitiva, a centros privados sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia con código de procedemento ED301K.

Esta acción do Plan Nacional de Recuperación, Transformación e Resiliencia inclúese no compoñente 19 «Plan Nacional de Competencias Dixitais (habilidades dixitais)», na política Palanca VII, referida á educación e coñecemento, formación continua e desenvolvemento de competencias.

O principal obxectivo deste compoñente do Plan Español de Recuperación, Transformación e Resiliencia é aumentar o nivel de competencias dixitais (básicas e avanzadas) mediante accións dirixidas a diversos colectivos de poboación.

As actuacións realizadas teñen por obxectivo a dixitalización de 20 aulas do Colexio Apóstol Santiago de Vigo. Estas actuacións inclúen a compra dos dispositivos necesarios e os servizos de instalación e configuración necesarios para asegurar a calidade do seu funcionamento.

En concreto, grazas a esta convocatoria, o Colexio Apóstol ten podido conseguir axudas para acadar os seguintes obxectivos:

- Instalación de paneis interactivos das aulas correspondentes ós cursos de 1º e 2º de Primaria, e 4º 5º 6º de Educación Infantil.
- Instalación do equipamento informático necesaria para garantir o funcionamento apropiado dos paneis.
- Instalación da conectividade necesaria para garantir un óptimo funcionamento dos equipos.
- Garantir a mellora da calidade dos recursos informáticos destas aulas

En último termo, o obxectivo final é propiciar ó alumnado, e o seu profesorado, as ferramentas dixitais máis apropiadas para garantir unha experiencia de aprendizaxe significativo, a través da adquisición das competencias fundamentais en xeral, e de competencias dixitais en particular.